




## Xesús Alonso Montero (1928-2026)

---

Andrés Torres Queiruga

Foi común a impresión dos moitos que tiñamos a sorte de o tratar: «pensabamos que non ía morrer». Era admirable a súa vitalidade inesperada, a súa curiosidade insaciable, a súa memoria increíble, a súa frescura de mozo nonaxenario. Durante catro anos puíden manter con el unha convivencia de traballo. Distintos por biografía e dedicación, pero nunca distantes no trato e na preocupación. Máis ben, unha fonda comunión de fondo, rizomatosa, como unida por decisivos intereses comúns e entrañables. Un día estrañouse de que nunha homenaxe de amigos falara da súa «inocencia»: tivo a impresión de que lle chamara inxenuo. Nada máis lonxe; o que eu quería dicir, e comprendeuno ben cando llo aclarei, era a sensación de limpa claridade nos seus entusiasmos, nas súas intencións e mesmo nas súas proclamas, as veces un chisco retóricos.

Entre nós, no nivel das ideas, era evidente unha diferenza en relación coa fe relixiosa. Nunca a contrastamos, nin falta facía. Eramos conscientes que por debaixo dela corrían augas limpas e comúns. Un día preguntoume: onde é que os evanxeos falan do trato distinto de ricos e pobres na misa. Díxenlle que non nos evanxeos: si, na epístola de Santiago: «Entra na vosa asemblea, é un supoñer, un home cun anel de ouro, vestido con moita galanura, e entra tamén un pobre vestido con farrapos; se vos fixades no que vai ben vestido, e lle dicides: Ti acomódate ben aquí; e ao pobre: Ti queda de pé aí, ou Senta no chan aos meus pés, ¿non estades facendo distincións entre vós mesmos, converténdoos en xuíces de criterios inicuos?» (2, 2-4).



Comprendín que el intuía que aí emerxía, con palabras limpas e unívocas o fondo común do que el proclamou en aulas e publicacións: a preocupación polos desherdados e humillados, pola igualdade social e pola xustiza sen fronteiras. Non tiven ocasión, nin me atrevín a buscala, de lle explicar unha miña omisión da que sempre tiven magoa, por un meu descoido de datas. Deixei escapar unha contribución a un libro de homenaxe, para o que mesmo tiña o título que xa usara no libro *Recuperar a salvación: Xesús de Nazaré como «proletario absoluto»*. Aludía ao texto de Marx, falando do proletariado como a

esfera que posúe un carácter universal, debido aos seus sufrimentos universais (...), que é a perda total do ser humano e que, por tanto, só pode rescatarse a si mesma mediante a recuperación total do ser humano.

Relembra, en efecto, a figura impresionante e misteriosa do Servo do Señor no profeta Isaías: «Desprezado, o máis rexeitado dos homes, home de sufrimentos, familiarizado coa dor. (...) a súa ferida foi a nosa curación».

Quería manifestarlle a miña arraigada e sempre reconfirmada convicción de que, sendo como é a vida moito máis rica e máis fonda cás teorías, me sentía máis unido a el do que as nosas adscripcións públicas poderían insinuar. Porque a verdadeira unidade reside na preocupación pola xustiza real e a igualdade irrenunciable entre os humanos, homes e mulleres. Nesa base, en ser aprendices desa base, apoiábase a converxencia que marcaba tamén, con idéntica intención, o estilo e a dirección da nosa dedicación intelectual en Galicia e para Galicia, malia e aparencia tan distinta e mesmo tan distante.

Curiosamente, estes días, metido nun tema teolóxico de especial fondura, encontreime cunha frase de Karl Rahner, o teólogo moderno que máis estimo, que afirmaba: «desexaría ser cristián». Inmediatamente, pensei na tantas veces repetida por Alonso de que tamén a el lle gustaría ser un «bo marxista». Nese caso, mesmo lle citaríaa explicación que da o gran teólogo:

debo dicir 'desexaría' porque dentro dunha identidade cristiá hai que deixar en derradeira instancia que sexa Deus quen decida se se é realmente, non só en teoría, senón sobre todo na práctica, o que un pretende ser e é a nivel social e eclesial, e tamén na realidade do cotián.

Levamos uns tres séculos desde a Ilustración, cando as grandes diferenzas na última e delicada opción polo teísmo ou ateísmo, pola fe en Deus ou a súa negación teórica se moven, coma en negra estampa goyesca, a fungueirazos ideolóxicos. Seguimos perdendo tempo, vidas e enerxías, onde deberíamos buscar entendemento cordial e encontro comprometido en ben desta humanidade chea de desigualdades, de fames e de vítimas, que persiste na loucura cainita de seguir pelexando con bombas e matanzas en lugar de abrir futuro con diálogos e argumentos.

Non era isto o que pensaba escribir no in memórium que me encargara *Encrucillada* e tal vez foi pena que o que se me ocorreu dicir agora non llo tivese expresado a el con palabra explícita. Estou seguro de que el o comprendería, se é que, como é moi probable, non o tivese xa intuído. Eu tamén, aprendiz de teólogo, vivo na convicción de que o sabe xa nesa outra claridade inefable e definitiva que, como espero, a todos nos agarda.

**Andrés Torres Queiruga**